

Asunto: INFORME RELATIVO Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Con data 23 de setembro de 2022, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade remite para informe desta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade (en adiante RPT), acompañada da seguinte documentación:

- Xustificación funcional e económica.
- Anexo de equivalencias.
- Anexo de creacións
- Anexo de modificacións
- Anexo de amortizacións

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e en base ás competencias que lle confire o artigo 22.2.E.a) do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro), esta dirección xeral emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- A modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade que se somete a informe, segundo a memoria aportada pola consellería, responde ás seguintes necesidades:

- Adecuación da RPT vixente ao Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia de forma permanente na área da orientación laboral.



SEGUNDO.- Adecuación da RPT vixente ao Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio fixa como órganos superiores e de dirección da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade á Secretaría Xeral Técnica, á Secretaría Xeral da Igualdade, á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, á Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, á Dirección Xeral de Relacións Laborais, á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e quedan adscritos o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Os cambios máis significativos son que a extinta Dirección Xeral de Emprego, Traballo autónomo e Economía Social pasa a ser Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo autónomo e Economía Social, e dela se fai depender un novo centro directivo: a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, órgano que asumirá competencias de apoio ao emprendemento en todas as súas fases, que con anterioridade ao Decreto 73/2022 eran desenvolvidas polo Instituto Galego de Promoción Económica.

Por outra banda, a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade desenvólvese polo Decreto 123/2022, que derroga o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, modificado polo Decreto 11/2021, do 22 de xullo.

O citado Decreto 123/2022 introduce as seguintes novidades:

➤ A Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, se estrutura en:

1. Subdirección Xeral de Emprego. Sen variación na súa composición e competencias respecto a regulación no Decreto 215/2020.
2. Subdirección Xeral de Economía Social. Sen variación na súa composición e competencias respecto a regulación no Decreto 215/2020.
3. Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, de nova creación que estrutúrase en:

3.1 Subdirección xeral de Coordinación de Programas e Apoio ao Emprego, creada polo Decreto 111/2021 modificándose agora a súa denominación. E dótase cun Servizo de Programas de Apoio ao Emprego de nova creación.



3.2. Subdirección Xeral de Emprendemento, de nova creación. E dótase cun Servizo de Fomento do Emprendemento, tamén de nova creación.

3.3 Servizo de Verificación de Fondos. Ata o Decreto 123/2022 dependía, directamente, da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais. As competencias do servizo non se modifican e a súa forma de provisión segue sendo a libre designación de acordo co criterio de excepcionalidade previsto no artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Instrución 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública: Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.

➤ Dirección Xeral de Relacións Laborais. O Servizo de Verificación de Fondos, con funcións máis propias da Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, queda adscrito, como xa se indicou, á nova dirección xeral. O resto da estrutura da dirección xeral non varía e as competencias respecto a regulación do Decreto 215/2020 tampouco.

➤ Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación. Modifica a súa denominación (extinta Dirección Xeral de Formación e Colocación) e a dalgunha das súas unidades, e engade un servizo á súa estrutura:

1. Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia, antes Subdirección Xeral de Colocación. Sen variación na súa composición e competencias respecto á regulación no Decreto 215/2020.

2. Subdirección Xeral de Formación para o Emprego. Sen variación na súa composición e competencias respecto á regulación no Decreto 215/2020.

3. Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o Emprego, antes Subdirección Xeral das Cualificacións. Sen variación na súa composición e competencias respecto á regulación no Decreto 215/2020. O servizo adscrito muda tamén unicamente a súa denominación a Servizo de Acreditación das Cualificacións e Fomento das Capacidades para adecuala á da Subdirección da que depende.

4. Servizo do observatorio de Prospectiva do mercado de Traballo, antes Servizo do Observatorio de Emprego. As competencias do servizo non se modifican e a súa forma de provisión segue sendo a libre designación de acordo co criterio de excepcionalidade previsto no artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Instrución 1.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública: Especial responsabilidade por



xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.

5. Servizo de Coordinación de Xestión de Programas e Fondos, de nova creación.

➤ Xefaturas Territoriais. Modifícase a denominación dos servizos: Servizo de Emprego e Economía Social e Servizo de Formación e Colocación pasando a denominarse Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social, e Servizo de Formación para o Emprego e Orientación, para adecuala denominación á nova estrutura dos órganos directivos centrais dos que dependen funcionalmente.

Os cambios sinalados na estrutura da Consellería implican as seguintes modificacións na RPT vixente:

2.1.- CREACIÓNS

De acordo co sinalado propónse a creación dos seguintes postos:

- Na Dirección Xeral de Emprendemento e apoio ao Emprego:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ESC	FORMA DE PROVISIÓN
EM.402.00.000.15770.001	Secretario/a do/a director/a	18	C1-C2	XERAL	LD
EM.402.00.000.15770.012	Xefatura de Servizo de Programas de Apoio ao Emprego	28A	A1-A2	XERAL	CE
EM.402.00.000.15770.020	Subdirector/a Xeral de Emprendemento	30	A1	XERAL/ ESPECIAL	LD
EM.402.00.000.15770.022	Xefatura de Servizo de Fomento do Emprendemento	28A	A1-A2	XERAL	CE

- Na Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ES C	PROVISIÓN
--------	--------------	-------	----------	---------------	-----------



EM.601.00.000.15770.060	. Xefatura de Servizo de Coordinación e Xestión de Programas e Fondos	28A	A1-A2	XERAL	CE
-------------------------	---	-----	-------	-------	----

2.2.-MODIFICACIÓNS

De acordo co sinalado anteriormente, propóñense as seguintes modificacións para a adaptar a RPT aos decretos 73/2022 e 123/2022

- Centros xestores. Créanse dous novos centros xestores e modifícase a denominación dun centro xestor para adecuar a RPT ao Decreto 73/2022: Créanse a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social e a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, e modifícase a denominación da Dirección Xeral de Formación e Colocación pasando a denominarse Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación

- Código de posto. Os postos que se adscriben aos novos centro xestores de destino polo Decreto 123/2022, do 23 de xuño mudan os díxitos correspondentes ao centro directivo.

- Denominación de posto. Modifícanse as seguintes denominacións:

Na Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social:

DENOMINACIÓN VIXENTE	DENOMINACIÓN PROPOSTA
Secretario/a do director/a xeral	Secretario/a do/a secretario/a xeral

Na Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego:

DENOMINACIÓN VIXENTE	DENOMINACIÓN PROPOSTA
Subdirección Xeral de Coordinación de Programas	Subdirección Xeral de Coordinación de Programas e Apoio ao Emprego

Na Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación:

DENOMINACIÓN VIXENTE	DENOMINACIÓN PROPOSTA
----------------------	-----------------------



Subdirección. Xeral de Colocación	Subdirección Xeral do SPEG
Subdirección .Xeral das Cualificacións	Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o Emprego
Xefatura de. Servizo de acreditación das cualificacións	Xefatura de Servizo de Acreditación das Cualificacións e Fomento das capacidades
Xefatura de. Servizo de Observatorio de Emprego	Xefatura de. Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo

Nas catro Xefaturas Territoriais:

DENOMINACIÓN VIXENTE	DENOMINACIÓN PROPOSTA
Xefatura de. Servizo de Emprego e Economía Social	Xefatura de. Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social
Xefatura de. Servizo de Formación e Colocación	Xefatura de. Servizo de Formación para o Emprego e Orientación

2.3.- AMORTIZACIÓNS

Proponse a amortización dos seguintes 8 postos de traballo vacantes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO DIRECTIVO	SUBGRUPO	NIVEL
EI.502.00.003.15770.101	Posto base A1	Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación	A1	20
EI.502.00.000.15770.033	Posto base C2	Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación	C2	12
EI.C99.20.901.27060.003	Axudante de admón	Xefatura Territorial de Lugo Oficina de Emprego de Becerreá	C1-C2	16
EI.C99.20.901.32620.005	Axudante de admón	Xefatura Territorial de Ourense Oficina de Emprego de Pobra de Trives	C1-C2	16



El.C99.20.901.32850.005	Axudante de admón	Xefatura Territorial de Lugo Oficina de Emprego de Viana do Bolo	C1-C2	16
El.C99.20.901.15110.011	Posto Base A1	Xefatura Territorial da Coruña Oficina de Emprego de Boiro	A1	20
El.C99.10.000.36560.524	Titulado/a superior de formación ocupacional	Xefatura Territorial de Pontevedra	I-31	
El.C99.10.000.36560.552	Auxiliar de formación ocupacional	Xefatura Territorial de Pontevedra	IV-30	

TERCEIRO.- Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galicia de forma permanente na área da orientación laboral.

O Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Empleo inclúe a orientación profesional como un dos servizos que debe prestar o servizo público de emprego.

No seu artigo 8 enumera as funcións do servizo de orientación profesional:

- a) Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil.
- b) Deseño do itinerario personalizado para o emprego.
- c) Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade.
- d) Asesoramento e axuda técnica adicional para:
 - 1 A definición do seu currículo
 - 2 A aplicación de técnicas para a busca activa de emprego.
- e) Información e asesoramento adicional sobre:
 - 1 A situación do mercado de traballo, das políticas activas de emprego e oferta dos servizos comúns e complementarios da carteira.
 - 2 A oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas.
- f) Apoio á xestión da mobilidade laboral.

Ante a necesidade de garantir a prestación dos servizos incluídos na carteira de servizos do Sistema Nacional de Empleo, no artigo 22 do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Empleo e no proxecto da lei de emprego estatal, a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade propón a creación de 136 postos permanentes de acordo co exposto a continuación:



- **Servizos centrais:**

Proponse a creación de 6 postos das escalas Superior e Técnica de Orientación Laboral (subgrupo A1 e A2 respectivamente) na Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación segundo o recollido no seguinte cadro:

UNIDADE	DENOMINACIÓN	CORPO/ESCALA	SUBGRUPO	NIVEL	NÚM
Servizo de Orientación Laboral	Coordinador/a de orientación laboral	Escala sup/tec Orientación laboral	A1/A2	25	1
Servizo de Orientación Laboral	Técnico/a de Emprego	Escala sup/tec Orientación laboral	A1/A2	22	2
Servizo de Intermediación	Coordinador/a de prospección laboral	Escala sup/tec Orientación laboral	A1/A2	25	1
Servizo de Intermediación	Técnico/a de Emprego	Escala sup/tec Orientación laboral	A1/A2	22	2

As persoas funcionarias que os desempeñen terán a encomenda de analizar, propor e coordinar as tarefas de prospección e orientación laboral

- **Servizos periféricos**

Proponse a creación de 130 postos de técnico/a de orientación e prospección Laboral reservados á Escala Técnica de Orientación Laboral, subgrupo A2.

Os 130 postos repartiranse entre as oficinas de emprego adscritas ás catro xefaturas territoriais, atendendo ao número de persoas demandantes de emprego inscritas en cada unha delas, e conforme aos seguintes criterios:

- Todas as oficinas, calquera que sexa o número de demandantes inscritos, deben contar polo menos cun técnico medio de orientación laboral.
- O numero de postos de técnicos distribuíuse segundo a ratio orientativa de non superar as 2.000 persoas inscritas por técnico.

De conformidade cos criterios anteriores realízase a seguinte distribución:

XEFATURA TERRITORIAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	NIVEL	NÚM
A Coruña	Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	46



Lugo	Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	16
Ourense	Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	18
Pontevedra	Técnico/a de orientación e prospección laboral	A2	18	50

De acordo coa memoria facilitada pola consellería, unha vez creados os 136 postos procederase á súa provisión definitiva mediante a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos; e mentres non se resolvan ditos procesos serán provistos temporalmente.

A incorporación deste número elevado de efectivos ao Servizo Público de Emprego de Galicia debe de ir orientada cara a consecución dunha administración máis eficiente e orientada a resultados na que é necesaria a implantación do traballo por obxectivos e por proxectos, de xeito que, neste caso, permita analizar o cumprimento dos obxectivos das políticas públicas en materia de emprego, facilite a avaliación das mesmas e a rendición de contas, distribuír as cargas de traballo e a asignación de recursos, e permita implantar unha retribución baseada no desempeño.

En atención a esta consideración recoméndase que a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, unha vez incorporados os efectivos, elabore un documento de planificación, que sexa enviado á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa antes da súa aprobación.

CUARTO.- Na documentación remitida se engade a memoria económica aportada pola consellería que deberá ser obxecto de informe por parte da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

QUINTO.- Os fundamentos e os datos achegados considéranse axeitados e suficientes para dar o visto e praxe, polo que desde a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, tendo en conta o exposto, emítese **INFORME FAVORABLE** ao respecto.

O Director Xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala
(Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe)

SXT. CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

